



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Setembro 2021

PATRIMONIO |

O Consorcio asesorou aos propietarios dun cento de inmobles na execución da acometida para a instalación da fibra óptica

O Consorcio de Santiago vén colaborando nesta primeira fase de despregamento da fibra óptica no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica, de forma excepcional, cos veciños e propietarios que desexen contar con asesoramento institucional de cara a facer as acometidas nos inmobles. Xa prestou axuda técnica a propietarios dun cento de inmobles. Trátase así de evitar sancións derivadas dunha execución irregular que afecte a elementos patrimoniais.

Unha vez realizada a solicitude de alta á compañía operadora, o usuario que o desexe pode enviar un correo electrónico a oficinatecnica@consorciodesantiago.org, indicando no asunto "solicitude execución punto de acometida", engadindo o enderezo postal do inmovible, a persoa de contacto e un teléfono.



DIVULGACIÓN CULTURAL |

O Consorcio cataloga máis de 100.000 imaxes do fotógrafo compostelán Xenaro Martínez Castro

O fotógrafo compostelán Xenaro Martínez Castro (1957-2007), especializado en fotografías de obras de arte, foi durante algo máis de dúas décadas testemuña da crónica cultural galega. O Consorcio de Santiago está a inventariar o seu fondo fotográfico, que posteriormente dixitalizará para promover a súa divulgación a través da páxina web.

O encargado de realizar esta tarefa é o fotógrafo Xabier Ramos. Explica que "nestes intreos estamos a catalogar todo o material, vendo o seu estado de conservación, as causas da degradación dalgúns negativos e as necesidades particulares que ten cada negativo". A colección está integrada por máis de 100.000 fotografías.

MÚSICA |

A Real Filharmonía de Galicia realizará 24 concertos en Santiago e 15 por toda Galicia en colaboración co Xacobeo 2021-2022

A Real Filharmonía de Galicia presentou a temporada 2021-2022, na que celebrará 24 concertos en Santiago e 15 noutras cidades galegas, baixo o lema *Viaxes*. Conta coa colaboración do Xacobeo 2021-2022, a Deputación da Coruña e a Asociación de Amigos da Ópera de Santiago.

En coprodución con Amigos da Ópera de Santiago e o Centro Dramático Galego, ofrecerá a estrea mundial de *A sombra de cristal*, unha ópera cómica en galego de Fernando Buide, con texto e dirección escénica de Quico Cadaval, escrita por encargo da RFG. Durante a temporada realizaranse outras

estreas de obras de compositores galegos en colaboración co Xacobeo 2021-2022: o ballet *Hildegart* de Juan Durán, que abrirá a temporada o 7 de outubro con Paul Daniel; o primeiro movemento (*Māyā*) da triloxía *Sattva* de Octavio Vázquez, composta por encargo da RFG; e *Nightfal* do trompetista Esteban Batallán.

Á fronte da orquestra poranse varias mulleres: Joana Carneiro -principal directora convidada-, Simone Menezes, Corinna Niemeyer, Jessica Cottis e Delyana Lazarova. Será tamén o debut coa RFG dos mestres Marc-Leroy Calatayud e Roberto Forés-Veses. Entre os solistas convidados destacan os

pianistas Lars Vogt, Javier Perianes, Josu de Solaun e Gabriela Montero; o violoncellista Nicolas Altstaedt, o violinista Robert Lakatos, o bandeonista Claudio Constantini, o percusionista Martin Grubinger e o saxofonista Xabier Casal.

